

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL: AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA A TEMPADA DE VERÁN.

I.- Obxecto.

A través das presentes bases regúlase o proceso de selección para a contratación con carácter laboral temporal de AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL para a tempada de verán.

II. Condicións de contratación:

- Modalidade contractual: contrato laboral temporal (eventual por circunstancias da produción).
- Xornada: a tempo completo de luns a domingo cos descansos establecidos por lei.
- Duración: Tres meses. (ata o 30/09/2017).
- Salario: 1.334,75 € brutos/mes, incluído o prorrateo de pagas extraordinarias.
- Número de postos: 2.

III. Funcións/tarefas a desenvolver.

Os auxiliares desempeñarán as funcións de apoio e de auxilio aos membros do corpo de Policía local no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.

IV. Condicións dos/as aspirantes.

Para poder participar neste proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española, ser cidadán/a dun Estado membro da Unión Europea, segundo a lexislación comunitaria, ou ben estar habilitado/a para traballar en España, segundo a lexislación vixente.
2. Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
3. Ter máis de 18 anos.
4. Ter unha estatura mínima de 1,65 m. en caso de ser home e de 1,60 m. en caso de ser muller.
5. Estar en posesión da certificación de ter superado a ensinanza secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente.
6. Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non en tanto, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

Para poder ser contratado por este Concello e para poder exercer as funcións de auxiliar de policía local será requisito indispensable ter superado o curso de formación que imparte a Academia Galega de Seguridade anualmente (e telo vixente). Aqueles candidatos que xa estean en posesión de dito título deberán presentalo co resto de documentación.

Os candidatos seleccionados, cun máximo de tres aspirantes, que non dispoñan de dito curso de formación, poderán ser remitidos polo Concello á Academia Galega de Seguridade para realizalo unha vez este sexa convocado, para que no caso de renuncia ou baixa dalgún dos seleccionados se poida acordar a contratación do seguinte aspirante por orde de puntuación baseándose na relación de cualificacións finais, e éste dispoña así do preceptivo curso de formación.

V. Publicidade da convocatoria.

Convocatoria pública realizada mediante anuncio publicado nun dos diarios de maior tirada de Galicia e no taboleiro municipal de edictos. As bases estarán a disposición dos interesados/as no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, así coma na páxina web www.lalin.gal.

VI. Presentación das solicitudes.

1. As persoas que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Lalín.

A instancia contará, a lo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e nela o aspirante declarará que reúne todos os requisitos necesarios para participar neste proceso selectivo.

Coa instancia, o aspirante achegará a seguinte documentación:

- Fotocopia autenticada do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes, no caso de estranxeiros.
- Documentación que acredite estar en posesión do título académico esixido na Base IV.
- Declaración xurada en relación ao establecido no punto 6 da Base IV.
- No seu caso, documentación acreditativa de ter superado o curso básico para auxiliares de policía local, expedido pola Academia Galega de Seguridade Pública, de acordo co disposto o artigo 95 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia.
- Certificado médico oficial no que se acredite que o interesado non padece defecto físico ou psíquico que lle supoña limitación no desenvolvemento das tarefas a desenvolver.

No Rexistro Xeral do concello facilitaráselles aos interesados un modelo de solicitude que será de utilización voluntaria.

2. O prazo para presentar as solicitudes será de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación na prensa do anuncio referido na base anterior.

3. A presentación de solicitudes deberá facerse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas. Aquelas solicitudes que sexan remitidas por correo ou entregadas en rexistros doutras administracións públicas (dentro do prazo de presentación de solicitudes) deberá remitirse por correo electrónico copia da solicitude co selo da data de presentación.

4. Os aspirantes con algunha minusvalía deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios que necesiten.

5. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

VII. Sistema de selección.

A selección realizarase polo sistema de quenda libre e o procedemento de oposición e constará das probas que se describen a continuación:

a) Comprobación da estatura. Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

b) Probas físicas, que medirán a capacidade física do/a aspirantes para as funcións que teñen que desempeñar. Cualificaranse con apto/non apto.

Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

b.1) Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente cos dedos o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita dende a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

b.2) Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado.

A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4,30'	5,00'	5,15'
Mulleres	5,00'	5,30'	5,45'

Regras comúns a tódalas probas físicas:

Só pasarán a realizar a proba seguinte aqueles aspirantes que acaden a marca mínima sinalada para cada proba, quedando os restantes eliminados.

A non superación dunha destas probas implicará a eliminación do aspirante e a non realización da proba seguinte.

Tódolos aspirantes deberán presentarse ás probas físicas provistos de roupa deportiva axeitada e do DNI.

Para os efectos do disposto no artigo 10.3.g) do citado Decreto 243/2008, dispónse que as citadas probas de aptitude física consideraranse como un só exercicio.

c) Cuestionario de preguntas tipo test. A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario establecido no Anexo I destas bases. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización. A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a.

Neste exercicio tipo test tódalas preguntas terán o mesmo valor, e na corrección do mesmo penalizaranse as preguntas mal contestadas, de xeito que por cada 3 preguntas incorrectas descontarase unha correcta ou a súa parte proporcional, 2/0,66 e 1/0,33.

d) Coñecemento do termo municipal e da toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala. Consistirá na contestación por escrito a unha ou varias preguntas coas que se acredite o coñecemento do termo municipal de Lalín e da toponimia local. O tempo máximo de realización será de 30 minutos.

e) Coñecemento da lingua galega. O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala. Consistirá na tradución directa á lingua galega, sen a axuda de dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal nun tempo máximo de 30 minutos.

Quedan exentos da realización desta proba os aspirantes que acrediten posuír o diploma ou a validación do curso de perfeccionamento en lingua galega ou Celga 4, aos que se lles outorgará a cualificación máxima de 3 puntos.

Relación de aprobados/as.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as tres aspirantes que obtivesen as notas máis altas.

Curso de formación.

Os/as dous aspirantes (e ata un máximo de tres), que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública neste ano 2017. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

A estes efectos, segundo o artigo 48 do Decreto 243/200/ de 16 de outubro, o curso terá unha validez de catro anos, debendo realizarse e superarse novamente transcorrido dito período.

VIII. Tribunal cualificador.

1. O tribunal cualificador terá a seguinte composición:

PRESIDENTE: Un funcionario municipal.

SECRETARIO: Secretario Xeral do Concello, funcionario que legalmente lle substitúa ou persoa en quen delegue.

VOCAIS: 3 vocais funcionarios/as municipais ou persoal laboral do concello.

2. O tribunal, nomeado pola Alcaldía, será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros. Tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

3. O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

4. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

5. Todos os membros do tribunal deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior á esixida para acceder ao posto de traballo convocado. Todos os membros do tribunal terán voz e voto, incluído o secretario.

6. Para que sexa válida a constitución e posterior actuación do tribunal, requirirase a presenza da maioría absoluta dos seus membros. No caso de ausencia do presidente, actuará no seu lugar o primeiro vocal. En todo caso, será necesaria a presenza do secretario do tribunal.

7. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

8. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollos ao Alcalde, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

IX. Desenvolvemento do procedemento de oposición.

1. A data, hora e lugar en que dará comezo o primeiro exercicio serán determinados pola Alcaldía, publicaranse xunto co anuncio referido na Base V, tanto na prensa coma no taboleiro de edictos do concello, e servirá de convocatoria aos aspirantes. A convocatoria para o resto dos exercicios se publicará, unicamente, no taboleiro municipal de edictos.

2. Conforme ao disposto no apartado anterior, os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas, que serán resoltos de xeito motivado polo tribunal. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios determinará, automaticamente, a perda do seu dereito a participar nos exercicios, quedando excluído do proceso selectivo.

3. Os aspirantes deberán presentarse, para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade (que será valorado polo tribunal).

4. En calquera momento, o tribunal poderá requirir aos candidatos para que acrediten a súa identidade.

5. Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, o tribunal cualificador procederá á súa exclusión.

6. A orde de actuación, naqueles exercicios que non poidan realizarse conxuntamente, será a alfabética, comezando co aspirante que resulte elixido no sorteo que se celebrará inmediatamente antes da realización do primeiro exercicio. Para o resto dos exercicios nos que concorra esta circunstancia, utilizarase esa mesma orde de actuación, determinada nese único sorteo.

7. De conformidade co disposto no artigo 10.3.g) do citado Decreto 243/2008, dende o final dun exercicio ata o comezo do seguinte, deberá transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito (48) horas, agás que se acredite (e así se deixe constancia no expediente) o acordo unánime de todos os aspirantes que, ata ese momento, teñan superado os exercicios eliminatorios.

8. Cada exercicio terá lugar a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal cualificador, os asesores especialistas designados por este, no seu caso, e os aspirantes que estean a realizar o exercicio correspondente. Será pública a lectura do exercicio de coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

X. Cualificacións finais e proposta do tribunal.

1. A cualificación final será a resultante da suma de todas as puntuacións obtidas polos aspirantes que superaron todos os exercicios eliminatorios.

2. Determinada a cualificación final, o tribunal elevará á Alcaldía unha relación na que figuren, por orde de puntuación, as cualificacións finais dos aspirantes e propondrá a remisión dos tres candidatos con maior puntuación á realización do curso da Academia Galega de Seguridade.

3. Publicarase no taboleiro municipal de edictos a relación coas cualificacións finais e maila proposta do tribunal.

XI. Contratación dos aspirantes propostos.

1. Concluído o proceso selectivo e superado o curso de formación, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, acordarán a contratación dos dous aspirantes de maior puntuación.
2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía e para a Xunta de Goberno Local.
3. Se algún dos aspirantes non asinase o contrato no prazo que se lle conceda, baseándose na relación de cualificacións finais descrita no apartado 2 da Base X, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía) poderán acordar a contratación do aspirante ou aspirantes que se precisen, respectando, en todo caso, a orde de puntuación recollida na citada relación e sempre que éste estea en posesión do curso de formación esixido.
4. A Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía) poderán, igualmente, facer uso da facultade recollida no apartado anterior, no suposto de que, durante a vixencia do contrato, algún dos traballadores cause baixa.

XII. Carácter vinculante das bases.

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

XIII. Incidencias.

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

XIV. Réxime xurídico.

No marco xurídico establecido polo artigo 95 da *Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais*, polos artigos 47 e 48 do *Decreto 243/2008, de 16 de outubro*, polo que se desenvolve a citada lei, este proceso selectivo regularase polas presentes bases da convocatoria e supletoriamente, no non previsto nelas, polo disposto para a selección de persoal laboral temporal polo R.D 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido *do estatuto básico do empregado público*, pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia, polo *Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración Local* e demais normativa concordante.

Disposición final.

As presentes bases, así como cantas actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas."

Lalín, 22 de maio de 2017.

O ALCALDE,

Rafael Cuíña Aparicio

ANEXO I

TEMARIO CUESTIONARIO TIPO TEST

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO:
SELECCIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA A TEMPADA DE VERÁN**

Denominación da praza ou posto de traballo

AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL

Carácter da convocatoria:

Forma de provisión:

Laboral Temporal	Oposición Libre
------------------	-----------------

Datos do solicitante:


Apelidos e nome:	DNI:
Enderezo:	Teléfono:

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixibles nas bases reguladoras deste proceso que coñezo e acepto, e **SOLICITO**: a admisión para tomar parte na selección.

Lalín, de de 2017

(Sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LALÍN



Lalín muncípio



Concello de Lalín

DECLARACIÓN XURADA:
PROCESO SELECTIVO: AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA A TEMPADA DE VERÁN

D./D^a. _____ con NIF _____

e domicilio en _____

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que aos efectos de participar no proceso selectivo de Auxiliares de Policía Local para a tempada de verán convocado polo Concello de Lalín, non fun condenado/a por delito doloso, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente.

Lalín, _____ de _____ de 2017

(Sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LALÍN